

RESOLUCIÓN do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para ingresar, por oposición libre, en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 9 de abril de 2024.

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia, do 12 de novembro de 2024 para cualificar o proceso selectivo de referencia, unha vez realizado o segundo exercicio o día 22/02/2025 e publicada a plantilla de respostas correctas xunto co cuestionario, o mesmo día, recibíronse alegacións en tempo e forma no prazo dos 3 días hábiles seguintes.

Estudadas as alegacións presentadas, e cualificados os exames realizados, o tribunal adoptou os seguintes acordos, dos que se da traslado por esta resolución:

Primeiro: ANULAR, en base ás alegacións formuladas, a pregunta nº 26, entrando en cómputo no seu lugar a pregunta nº 51.

Segundo: DESESTIMAR o resto de alegacións presentadas polos motivos que se lles comunicará aos alegantes vía notificación en tempo e forma.

Terceiro: PUBLICAR a plantilla de respostas correctas corrixidas eliminando a pregunta anulada (Anexo I).

Cuarto: PUBLICAR, de conformidade co estipulado na base 6.1.5, as cualificacións dos aspirantes presentados a este segundo exercicio por orde de nota.(Anexo II) Para superar o exercicio cómpre obter unha puntuación mínima de 25 puntos.

Quinto: INFORMAR que as persoas aspirantes dispoñen dun prazo de 10 días hábiles para os efectos de presentar as alegacións que consideren oportunas en relación coa puntuacións do seu exercicio, contados desde o día seguinte á publicación das cualificacións.

Anexo I

Plantilla de respostas correctas do segundo exercicio (tras alegacións).

Anexo II

Cualificacións do segundo exercicio.